

## CANCIÓN PARA A GRADUACIÓN DE 6º DE PRIMARIA. CURSO 2019-2020.

Chegada a graduación  
vosos profes do colexio  
sentimos satisfacción  
moita ledicia e aprecio.  
Pensaremos moito en vós,  
sabedes que estaremos  
se precisades falar...  
botarémovos de menos!

**No colexio, no instituto,  
se queredes poder aprobar,  
con tesón e con esforzo  
os estudos podedes sacar,  
e se hai algún exame  
que non sae de todo moi ben...  
Non te desanimas, non o deixes,  
o importante é volvelo facer.**

O cole viuvos crecer.  
Todos somos un EQUIPO.  
Sabemos que hai que facer,  
o aprendemos a cotío.  
Non todo é estudar,  
tamén ser boa persoa,  
a cabeciña amoblar,  
con iso xa tes de sobra!

**Derek, Lucas, Roi, Valeria,  
Carla, Icíá, Vitor e Noel...  
Carmen, Blas, Ainhoa e Anxo,  
Raúl, Dani, Yanira e Manuel...  
Sodes parte deste cole  
Levarémovos no corazón.  
Só nos queda desexarvos sorte,  
que vos pase de todo o mellor!**

